



Reclamante: 
Expediente. Nº **RSCTG 88/2017**



ASUNTO: Acordo da Comisión da Transparencia de Galicia sobre a reclamación presentada ao amparo do artigo 28 da lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

En resposta á reclamación presentada por  mediante escrito do 4 de outubro de 2017 á Comisión da Transparencia, considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, adopta o seguinte acordo:

ANTECEDENTES

Primeiro.  presentou, mediante escrito con entrada no rexistro do Valedor do Pobo o 4 de outubro de 2017, unha reclamación ao amparo do disposto no artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, por entender desestimada unha solicitude de acceso á información dirixida ao Concello de Ames para coñecer a auditoría realizada polo concello das prazas de aparcamento reservadas ás persoas con discapacidade.

O escrito non acompaña a solicitude, pero si a resposta do Concello de Ames na que acusa recibo da solicitude de 24-2-17 de copia da auditoría realizada sobre as prazas de aparcamento para persoas con discapacidade. Nela indica que en días pasados xa lle remitiu información sobre o tema ao Valedor do Pobo a raíz dun escrito presentado polo reclamante. Este interpreta que non se responde ou se denega a solicitude de acceso.

Así pois, a solicitude presentouse o 24 de febreiro ao abeiro das leis 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno (galega), e 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno (estatal).

Segundo. O 9 de outubro déuselle traslado ao Concello de Ames da documentación achegada polo interesado para que en cumprimento da normativa de transparencia aportara informe e copia completa e ordenada do expediente. O ente local respondeu que existe un informe interno da policía local dando conta do estado de algunhas destas prazas que ten carácter de documento de traballo de cara a programar as actuacións oportunas. Trátase dun primeiro trámite do traballo do concello para mellorar a cobertura das necesidades das

persoas con diversidade funcional e estimar as liñas de actuación. Dado o seu carácter interno, as limitacións propias do seu alcance e a súa natureza de traballo previo que puidera dar lugar á contratación de obras e servizos a súa publicación podería introducir distorsións nos procedementos, polo que entende que non procede a súa difusión.

O 13-11-17 requiriuse ao concello copia da resolución expresa ditada e notificada en relación co expediente. O 20-11-17 o concello engade que respondeu o 15-3-17 e, aínda que non consta a súa recepción polo interesado, entende que se recoñece coa presentación do recurso ante a comisión. Achega a resposta, a mesma referida anteriormente (remitimos información sobre o tema ao Valedor do Pobo).

O informe indicaba “Non existe auditoría das prazas de aparcamento...si existe un informe interno da Policía Local dando conta do estado de algunhas destas prazas, que ten o carácter de documento de traballo de cara a programar as actuacións municipais oportunas ao respecto. Trátase dun primeiro trámite conducente a determinar de que maneira o Concello de Ames pode mellorar a cobertura das necesidades das persoas con diversidade funcional, estimar as liñas de actuación pertinentes e actuar en consecuencia. Dado o seu carácter interno, as limitacións propias do seu alcance e a súa natureza de traballo previo que puidera dar lugar á contratación de determinadas obras e servizos (polo que a súa previa publicación podería introducir distorsións non subsecuentes procedementos de contratación), enténdese que non procedía a súa difusión.”

Á vista do anterior a Comisión de Transparencia o 5-12-17 require de novo copia do expediente, a súa situación e o carácter da información solicitada, sen resposta.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. - Competencia e normativa

A lexislación aplicable a este procedemento ven configurada pola lei 19/2013, de 9 de decembro (estatal), e pola Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, xunto coa lexislación básica en materia de procedemento administrativo.

O art. 24 da lei 19/2013, do 9 de decembro, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consejo de Transparencia y Buen Gobierno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no art. 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas administracións das comunidades autónomas e o seu sector público, e polas entidades locais comprendidas

no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as comunidades autónomas.

O art. 28 da lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública poderá interpoñerse unha reclamación perante o Valedor do Pobo. O art. 33 da mesma lei indica que corresponde á Comisión da Transparencia (órgano colexiado) a resolución das reclamacións fronte ás resolucións de acceso á información pública que establece o seu art. 28. A disposición adicional quinta da lei establece que corresponderá resolver esas reclamacións, no suposto de resolucións ditadas polas entidades locais de Galicia, ao Valedor do Pobo, ao que adscríbese a Comisión da Transparencia, que por tanto é a competente.

Segundo. - Procedemento aplicable

O art. 28.3 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, preceptúa que o procedemento se axustará ao previsto nos números 2, 3, e 4 do art. 24 da lei 19/2013, de 9 de decembro. Esta lei identifícaa como unha reclamación con carácter potestativo e previa á impugnación en vía contencioso-administrativa. Se axustará na súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

Terceiro. - Dereito de acceso á información pública

A Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, recoñece no seu art. 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida como *“os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións”*; é a mesma definición da información pública que se contén no art. 13 da Lei 19/2013, de 9 de decembro (básica).

Tanto o concepto de información pública como o dereito de acceso á mesma se configuran de forma ampla na normativa autonómica e estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas e o solicitante non está obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, de 18 de xaneiro).

A lei 19/2013, de 9 de decembro, ten por obxecto *“ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública”* e *“regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade”* (art. 1). No seu preámbulo sinala que *“a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política. Só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións poderemos falar do inicio dun*

proceso no que os poderes públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poderes públicos”.

A Lei galega 1/2016, de 18 de xaneiro, sinala na súa Exposición de Motivos que “a crecente existencia cidadá de control público da actuación das administracións” aconsella a aprobación do texto, e resalta a superación dos anteriores estándares (“avanzar nos pasos dados pola lexislación previa e de os superar”), o que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

Cuarto.- Prazo

A resposta aportada polo concello non contesta ao especificamente reclamado e sinala que o asunto (non a concreta información solicitada) fora remitida no curso dun procedemento de queixa ao Valedor do Pobo, polo que o reclamante entende que non se respondeu, ao menos de forma congruente co pedido de forma clara e específica. Ademais a suposta resposta non é adecuada ao non rematar co ofrecemento dos posibles recursos en defensa dos dereitos do reclamante e non conter outros requisitos das notificacións (art. 40 da Lei 39/2015, de 1 de outubro).

Pode entenderse que o recurso se promove ante a resolución presunta ou desestimación por silencio negativo (art. 27.5 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro), dado a incongruencia entre o pedido e o respondido. En caso de considerarse a resposta como tal, ao carecer dos requisitos das notificacións previstos no art. 40 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, o prazo para o recurso empezaría a contar a partires da data na que o interesado realice actuacións que supoñan o coñecemento do contido e alcance da resolución ou acto obxecto da notificación, ou interpoña calquera recurso que proceda (art. 40.3). Isto último é o que sucedeu neste caso.

Quinto.- Análise xeral

O recorrente fora informado polo concello de que existía unha auditoría, pola que solicitou ao Concello de Ames a auditoría realizada das prazas de aparcamento reservadas ás persoas con discapacidade. O Concello lle respondeu que a información fora remitida ao Valedor do Pobo.

A información pública é todo contido ou documento en calquera formato ou soporte elaborado ou adquirido para o exercicio das funcións que lle son propias ao concello. Esa información que o particular chama auditoría e o concello información encaixa no amplo concepto de información pública previsto na normativa, polo que debe ser aportada, salvo a presenza xustificada dalgún dos límites de acceso ou causas de inadmisión previstos na normativa de transparencia e aplicables ao caso examinado.

Aínda que as alegacións do concello non o mencionan, as primeiras causas de posibles límites a examinar, dado que se trata dunha actuación da policía local, son as previstas no art. 14.1. d) e e), a seguridade pública e a prevención, investigación e sanción dos ilícitos penais, administrativos ou disciplinarios. Porén, neste caso aparece claro que a labor encomendada á policía local non era dese tipo, senón estritamente administrativa e de reforzo do funcionamento ordinario do concello, ao marxe das funcións da policía local en materia de seguridade e tratamento de ilícitos concretos.

Non parece previsible que o contido do plan se vexa afectado por limitacións relativas á protección de datos persoais (o propio concello non o alega). Porén, para o caso de presentarse algunha sería salvable coa aplicación do previsto ao respecto no art. 15 da Lei 19/2013, de 9 de decembro.

O outro argumento aportado polo concello parece referirse (non o especifica) á posible aplicación das causas de inadmisión do art. 18. 1 a) e b); sinala que é un informe interno da policía local, ten carácter de documento de traballo de cara a programar as actuacións, é un primeiro trámite do traballo do concello para concretar as liñas de actuación, ten carácter limitado, e é previo á contratación de obras e servizos e a súa publicación podería introducir distorsións neses procedementos. Porén, ningún desas circunstancias xustifica que se apliquen as causas de inadmisión do art. 18.1 a) (información que estea en curso de elaboración ou de publicación xeral) e do art. 18.1 b) (carácter auxiliar ou de apoio como a contida en notas, borradores, opinións, resúmenes, comunicacións e informes internos ou entre órganos ou entidades administrativas). Esta posibilidade, que é a mais plausible, debe sen embargo descartarse. En primeiro lugar porque unha auditoría encargada polo concello non encaixa en ningún dos exemplos citados pola norma para identificar a información auxiliar ou de apoio, e en segundo lugar porque o concepto xurídico indeterminado que manexamos (documento auxiliar ou de apoio) ten un carácter restritivo no contexto da normativa de transparencia, como o demostra que non se considere auxiliar ou de apoio un informe non vinculante, posto que iso non impide que o informe contribúa a conformar a vontade da administración ou do órgano ao que corresponde a decisión. O criterio principal para aplicar a causa de inadmisión é que a información careza de valor ou relevancia externa e non é ese o caso. Polo contrario, emítese por unha unidade especializada e tanto iso como o seu contido fai que adquira un valor ou condición de elemento fundamental da actuación da administración e lexitimador da súa conduta pública. A posible aplicación da causa de inadmisión ven ligada a unha limitada incidencia ou relevancia na decisión pública. Neste aspecto coincidimos cos criterios expresados polo CTyBG xa dende hai tempo, como os 65 e 89/2015.

O concello alega tamén que transmitiu información sobre a cuestión ao Valedor do Pobo. Porén, ao marxe de cal fora a información remitida e se coincide en todo ou en parte coa reclamada formalmente ao concello como solicitude de información pública, o concello debe

responder adecuadamente á solicitude que recibiu e dar a información pública reclamada. O anterior derívase do previsto no art. 19.4 da Lei 19/2013, que indica que cando a información obxecto da solicitude, mesmo obrando en poder do suxeito ao que se dirixe, teña sido elaborada ou xerada na súa integridade ou parte principal por outro, remitiráselle a solicitude a este para que decida sobre o seu acceso.

Por outra banda, a alegación da posible incidencia en eventuais procedementos de contratación non é xustificada e parece irrelevante aos efectos que tratamos.

Así, o contido do plan encaixa no concepto de información pública, non resulta afectado por límites legais ao dereito de acceso á información pública e causas de inadmisión, e o seu coñecemento resulta de interese público.

En conclusión, a Comisión da Transparencia

ACORDA

En atención aos anteriores antecedentes e fundamentos xurídicos procede

Primeiro: Estimar a reclamación presentada por [REDACTED] contra a denegación da súa solicitude dirixida ao Concello de Ames para coñecer a auditoría realizada polo concello das prazas de aparcamento reservadas ás persoas con discapacidade.

Segundo: Instar ao concello a que no prazo máximo de 15 días hábiles responda adecuadamente á petición de información e facilite a información pública solicitada, e remita a esta Comisión da Transparencia copia do envío da información.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, unicamente cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, de conformidade co previsto no artigo 8.3 a Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 31 de xaneiro de 2018

A presidenta da Comisión da Transparencia

Milagros Otero Parga